

*XINEA*

*(memoria para Xoana)*

ANDREA LOURIDO (lema)

ANDREA LOURIDO (lema)

*XINEA*

*(memoria para Xoana)*

*Nacer é ser entregados á palabra*

**GURSDOF**

Contan, Xohana, Xohana que aínda non chegaches, visguenta carne a navegar nas augas amnióticas do meu ventre, que a miña tataravoa Pepa, Pepa a Toupa, quedou preñe en Monterroso, na feira de novembro. Nunca soubo quén lle puxera entre as pernas a semente que deveu en Rosa, Pérez coma ela, e sen segundo, como era habitual nos fillos aos que ningún pai se chamaba.

Nunca se soubo quén fora o home que, abusando de dúas escuridades, a da noite e a da cegueira da rapaza, lle descargara, brutal e mudo, a enxurrada da vida. Mais, de vella, A Toupa pregaba todos os días pola súa alma e bendicía por lle ter dado aquela filla, luz para uns ollos afogados polas vexigas nos lonxincuos días da nenez.

Ía Pepa a Toupa de feira en feira e de romaría en romaría, da man doutro cego que non era tal, un moínante

alcumado O Maricallo, un trampulleiro de voz atiplada co que tiña que pelexar cada día para repartir en equidade as exiguas ganancias do espectáculo que entre os dous ofrecían. El tirándolle a un vello violín unhas notas renxentes e desacompasadas, ela cantando con voz limpa e harmoniosa coplas de crimes e romances vellos que un día has coñecer porque chos deixarei escritos, xunto con este testemuño.

Seique en Monterroso, na feira grande, o público fora moito e as moedas produciran un son alegre ao caer na lata que O Maricallo brandía para reclamar o pago. Moito e ben cantara Pepa a Toupa. Un repertorio de crimes e deshonras para un auditorio pacífico e traballador que se amosara xeneroso despois de ter vendido os productos. Amores de cabaleiros e antigas doncelas para a sobremesa dun xantar a base de polbo, pan e purrela do Ribeiro.

Pola noite, feito xa o reparto, mentres O Maricallo bebía e procuraba polas tabernas para non atopar máis que a

burla de feirantes e labregos, a cega apretaba a faldriqueira chea de moedas, deitada entre a herba seca do palleiro que a acollía. Soñaba desperta a rapaza da cara desfigurada polas vexigas e era, nas súas fantasías, a protagonista garrida daqueles romances vellos. Estaría soñando quizais que Xerinaldo, aquel *paxe do rei benquerido*, a visitaba no seu leito de princesa e que ela, con fragancia de rosa, lle roubaba toda a color. Estaría soñando amores fermosos cando chegou el, brután, a se baleirar nela, fea e pobre, soa e desvalida.

Ao saber que estaba encinta, o Maricallo quixera levala cabo da Pella, a meiga de Francelos, moi habelenciosa na arte de desfacer preñeces valéndose do perixel. Argumentaba que non a podía volver á casa naquel estado nin cunha criatura no colo, el, que lle prometera á nai velar pola ceguiña. Porfiaba en que o camiño era duro abondo sen ter que camiñar, por riba, cunha criatura no ventre. Mais Pepa a Toupa negárase a interromper a vida que lle latexaba

nas entrañas. Quizais, cando a gravidez era xa moita e tirar polo corpo era o inferno, substituíse nos seus soñares o romance de Xerineldo polo da Virxe a piques de parir, camiño de Belén, para cumprir o mandado do César.

Porque a miña tataravoa, estou ben segura, Xohana, Xohana que aínda non naciches, non xestou a miña bisavoa maldicindo o home que a puxo en tal estado. Simplemente o vestiu coa roupaxe dun soño, Xerineldo, o protagonista dun romance carolinxio que, de ter existido, levaría arredor de mil anos no alén. Mais a miña tataravoa, que descoñecía estas cousas, sabía que un fillo ten que nacer do amor e por iso llo inventaba.

Un atardecer de xullo chegaron o moinante e a rapaza á casoupa familiar. El, cangado coas poucas pertenzas que os acompañaban nun envurullo, ela coa fardela de lenzo na que gardaban o violín pendurada dunha baraza no ombreiro. Poucos días despois naceu Rosa.

Pepa a Toupa non tardou moito en volver aos camiños porque era o único xeito que tiña de axudar á crianza da filla, mais regresaba tan a miúdo como podía para comprobar cómo a pequena medraba sá e feliz case, á beira dunha avoa endurecida polos traballos e polas fames. A nena agardaba pola nai que lle traía sempre melindres e as chilindradas que, despois de moito regatear, mercaba nos baratilleiros das feiras. E agardaba, sobre todo, pola calor dos bicos dunha nai pouco agraciada que a adormecía con historias vertidas na máis fermosa das voces. Mais a cega nunca quixo volver a Monterroso.

Lembra, Xohana, ti vés de Pepa Pérez, alcumada A Toupa, a que cegaron as vexigas e concebiu de Xerinaldo, aquel paxe a quen Carlomagno, despois de sorprendelo deitado coa filla e colocar entre os amantes durmidos a propia espada, interrogou máis tarde co propósito de castigalo coa morte.



Andaba o rapaz pálido polos corredores de palacio, arrepiado pola descuberta dun amor imposible, cando bateu co rei: *¿A onde vas, Xerinaldo, tan triste e descolorido?* A resposta salvoulle a vida: *A fragrancia dunha rosa comeume toda a color.*

Quero dicir, Xohana, que vés da maior das pobreza e do máis brutal dos feitos, mais tamén do fermoso soño que poboaba a mente da miña tataravoa aquela noite de novembro. Aquel soño que fixo medrar, alén da desgracia, para non morrer talvez coa carraxe, ou para protexer, quizais, o ser que esperaba. Fixo, sen ela sabelo, o que fan as ostras: envolver cunha substancia purísima o que é unha doenza ata convertela nunha perla. Unha perla que é o segundo elo, a miña bisavoa Rosa, desta cadea que quero engarzar para ti, Xohana, por se nalgún momento, cando medres e che doia a vida, precisas máis forzas que as propias.

Non sei cómo has levar ti o feito de seres filla de solteira, eu coido que ben. Os tempos, afortunadamente, cambiaron, e as familias monoparentais, séxano por un ou outro motivo, son cada vez máis comúns. Cando naceu Rosa, nas clases populares logo era máis frecuente ser filla natural que de matrimonio (non sei a qué vén iso de “filla natural”, se artificial non o somos ninguén e todos nacemos dun mesmo acto). O problema, que o houbo, viña máis pola falta de homes, de brazos fortes para o traballo, que polo desprezo a unha condición que, como xa che dixen, era cousa de todos os días. O desprezo era pola pobreza en que vivían.

A nai de Pepa, a avoa de Rosa, morreu cando esta era unha rapaza nova e fermosa, mais fráxil e pouco avezada

nas tarefas do campo. Non tiñan menos terras que outros pobres que malvivían cultivándoas, pero estaban ermas ou non producían por pouco traballadas e, daquela, eran unha carga á hora de pagar as contribucións.

Así foi como Rosa foi servir á Casa Grande, a unha legua máis ou menos da casoupa na que nacera. Alí a visitaba a súa nai, Pepa a Toupa, que era tratada como calquera dos esmoleiros que pasaban pola casa do señor de Mezur, un cristián á vella usanza, relixioso e amigo do clero, mais moi tentado polos praceres da carne aos que sucumbía sen remedio. Contan que tiña máis de vinte fillos bravos. Disque os coñecía a todos e que a todos axudaba dunha ou doutra maneira, ora cunha recomendación, ora cun empréstito, xa cun consello, xa cunha reprimenda.

Non sei se é xusto dicir que don Álvaro Pardo de Outeiro, o señor de Mezur, forzou a miña bisavoa, mais eu coido que hai moitos xeitos de violentar a unha muller sen

facer uso da forza física. Repara en que Rosa era unha rapaza moi nova, case unha nena. Convén que non esquezas, se che vén a tentación de xulgala, que don Álvaro era o amo e ela estaba afeita a obedecelo. Lembra que, daquela, as mulleres eran educadas na submisión e no sometemento ao home de maior autoridade que lles cadrase cerca.

O caso é que Rosa viviu a relación como unha obriga, mais non exenta de culpa por mor do respecto que sentía por dona María, a señora da Casa Grande. Pouco antes de que se evidenciase o estado da rapaza, o Señor mandouna volver á casoupa. Alí naceu Carolina primeiro e Xenxo despois. Alí a visitaba don Álvaro (ela sempre o aseñorou, malia a relación que os unía), quen ía acudindo, mal que ben, ás necesidades daquela familia espuria da que se dotara. Alí recalou, prematuramente envellecida polos camiños, Pepa a Toupa. Con ela, o vello violín que o Maricallo lle deixara en

herdanza ao morrer, pouco antes de que a miña tataravoa retornase á casa.

Contaba a miña avoa Carolina que a súa avoa aprendera a tocar aquel instrumento con certa mestría e que facía uso del para lles cantar aos netos os vellos romances que a acompañaran sempre.

Lembra, Xohana, miña nena que estás por chegar, que vés de Rosa, Rosa Pérez sen segundo, a filla da cega, a rapaza fráxil con quen a vida non foi moi mirada nin tampouco o señor de Mezur, que deixou de visitala, enfermo de melancolía, tras coñecer a morte de tres fillos lexítimos e varóns na fronte do Ebro.

Carolina é o terceiro elo da cadea que che quero ofrecer, a miña avoa, a bisavoa túa que xa non coñecerás máis que a través destas páxinas. Era leda como un axóuxere e, lonxe da pasividade e da falta de fortaleza física de Rosa, amosábase sempre activa e loitadora. Iso era, unha loitadora, como has comprender polo que che vou contar.

Eu lémbroa sempre facendo algo, ora sachando no horto, ora recollendo vimbios para facer cestos, unhas veces atendendo o gando, outras plantando eucaliptos mesmo entre os penedos, a cotío coa arela de lle sacar ás cousas o maior proveito posible. Non comprendía a teima que eu lles tiña a esas árbores foráneas e dicíame que, gracias a elas, eu podía estudar a carreira que me gustaba, non coma ela que

pouco fora á escola, aínda que lle tiraba moito e aproveitara ben o pouco tempo que acudira cabo de dona Remedios.

A miña avoa, xa cho contei, non se semellaba en nada á súa nai, disque saíra á raza do señor de Mezur e por iso era forte coma un buxo, mais os trazos nobres e señoritos dos da Casa Grande desdebuxábanse no rostro curtido e nas mans escravas de Carolina, allea á folganza na que aquelas xentes viviran decote. Pola contra Rosa, a bisavoa a quen lembro moi lenemente porque eu era moi nena cando morreu, era de porcelana e diríase que fora secuestrada, tirada dun palacio para esmorecer na pobreza daquela casoupa.

“Eramos tan pobres”, dicíame a avoa cando me relatava cousas da nenez, como cando ía polas casas dos veciños pedir zocas que quedaban desaparelladas para usar ela, a miúdo dúas do mesmo pé.

Unha vez contoume que roubara e que despois, pola noite, non podía durmir. Dona Remedios, a mestra, mandáralles levar un anaco de lenzo para faceren un pano e lles ensinar así ese punto de bordado que chaman vainica. Contoume que buscara e rebuscara polas huchas sen encontrar cousa que lle valera e que, estando nestas, se lle viñera á mente a imaxe do espantallo que vira na finca dun veciño. Alí, abalado polo vento xunto con outros panos, había un cacho de tecido que outrora fora de cor branca. Camiñara suíña, acazapada para non ser vista, e fixérase co precioso don. Despois laváralo, poñéndoo a clareo, ata lle facer adquirir unha brancura aceptable. “E fun como as mais”, díxerame a avoa antes de ceibar unha gargallada leda e repetirme outra vez unha vez máis aquilo de “é que eramos tan pobres”.

A avoa collíame da man e levábame a percorrer os bens da familia. Díxime que podíamos camiñar varias



horas sen poñer os pés en terra allea. Verdadeiramente fora un milagre da súa laboriosidade e tamén, teño que cho dicir, do esforzo do seu irmán, o tío Xenxo.

O tío Xenxo morreu preto dos sesenta anos, sen casar, despois de gastar a vida en suprir, na medida do posible, ao finado do teu avó. O tío Xenxo era un home solitario, raro, mesmo mal encarado, segundo contan, porque eu case non o recordo. Recordo, iso si, ao seu maior inimigo, Severiano, que morreu preto dos cen. Severiano era o noso veciño e vivía nun miserable caseto adosado á nosa casoupa, daquela xa moi mellorada, máis ben casa xa.

Disque o Severiano tiña unha figueira na porta que, nas noites de vento, petaba nos vidros da xanela do tío Xenxo e non o deixaba durmir. Disque a conversa dos dous homes, durante moitos anos, non fora outra que “tes que tirar a figueira”, “non me peta tirala”, “heicha tirar eu”, “se a tiras, esgánote”. Contan que o tío Xenxo convalecía dunha caída

no hospital cando unha noite, sen que houbera tormenta nin o vento soprara, se escoitou algo semellante a un refacho forte e seco e, pola mañá, a figueira estaba tumbada diante da porta do Severiano. Poucas horas despois chegou a noticia do pasamento, súpeto, do irmán da avoa. O Severiano non lle foi ao enterro.

Isto, o da figueira, cóntocho para que saibas que ti, futura muller do século XXI, seguramente escéptica e descrida, tes, como toda a humanidade, as raíces afincadas no misterio.

Díxenche que a avoa Carolina, a túa bisavoa, era leda como un axóuxere e non che minto, mais eu vía como se, por veces, unha nube moura lle apousara nas pestanas. Estou certa de que era cando lembraba o avó. O avó, o seu home, morrera no derrubamento dun túnel que estaban a construír en Asturias.

Recén casados, xa nada a miña nai, marchou el para xuntar uns cartos e mercar o prado das Curuxeiras, ese que agora é noso e que daquela levaban en arrendo. Enterouse a miña avoa do accidente na feira á que acudira para mercar o pano dun abrigo que quería estrear na súa visita a Asturias. Había poucos días que recibira unha carta do home pedíndolle que o fose ver porque, despois de oito meses, non aturaba máis tempo sen abrazala. Só estiveran dous anos xuntos. Seique tiña o tecido vermello na man, seique o acariciaba cando o tío Xenxo atallou a compra: “Non o merques, tes que te vestir de loito”.

Gustaba moito da música a avoa Carolina, non en van fora anainada pola súa avoa, Pepa a Toupa, a da voz melodiosa coma un rousiñol. Nela atopei eu apoio cando tiven que vencer as reticencias dos meus pais para facer a carreira de violín, no canto de calquera outra con máis futuro segundo eles.

Mentres o solfexo foi un complemento aos meus estudos de bacharelato, non houbo problema. As cousas cambiaron cando asegurei que a miña vida non ía ter outra arela que o violín. Mais a avoa dixo: “Se quere ser violinista, que o sexa en boa hora, pero que sexa a mellor”. E todos calaron.

Non cansaba de escoitar os meus ensaios, repetitivos ata a saciedade nas partes máis dificultosas, e mesmo se decataba de cando o éxito viña a recompensar o meu esforzo. Daquela rompía o silencio para me dicir: “todo se consegue se se ten ansia”.

A avoa morreu moito tempo despois de termos televisión na casa, pero ela prefería escoitar a radio. Decía que coa televisión non se podía facer outra cousa e que ela non se afacía a estar man sobre man. Tamén escoitaba

cancións nun magnetófono que mercara para min pero que eu xa non utilizaba.

Un día, nos seus anos derradeiros, sorprendeume coa petición de que lle buscara unha cinta cunha canción que escoitara na radio. Lembraba perfectamente o nome do grupo, “A Quenlla”, e boa parte da cantiga. “Éche como se falase da miña vida”, confesou, “*cartas van e cartas veñen e as palabras tinta son, pero desde que te fuches, ai amor, ai amor...*”

Localiceilla de contado e observei cómo bagoaba escoitándoa unha e outra vez. Nunca a vira chorar antes, nen sequera pola morte do seu irmán, o tío Xenxo. Ben seguro que choraba para dentro, por máis que sempre rise. Por algo dicía que aquela cantiga falaba dela: “*cando busco nos teus ollos bagóame o corazón, vivir sen ti non é vida, ai amor, ai amor*”.

Eu estaba en Alemania, cunha bolsa, facendo un curso de virtuosismo cando me chamaron porque a avoa estaba a morrer. Déralle un infarto cerebral.

Antes de ir ao hospital pasei pola casa e collín o magnetófono e a cinta co poema de Neira Vilas. Eu sei que o escoitou, xa preto da outra beira, porque aínda medio sorriu a escoitar *ai amor, ai amor*.

A miña nai díxome: “estás ben tola, ho, mira qué cousas se che ocorren”. Pero, coma min, choraba.

Lembra, Xohana, miña nena que vés en camiño, que tiveches unha bisavoa chamada Carolina, que enviuvou aos vinteseis anos e que pasou toda a vida sorrindo para fóra, por máis que por dentro lle bagoase o corazón. Non esquezas que traballou arreo, quizais para vencer e vingarse da súa maior inimiga, a pobreza, que a afastara de quen ela máis quería.

Agora falareiche de Carme, a túa avoa, a miña nai que, se Deus quere, poderás coñecer. Xa sabes que aínda estaba no berce cando o pai marchou para Asturias. Rompía a andar polos días en que chegou a triste nova, mais ela, como podes comprender, nada recorda.

Pai foi para a nena o tío Xenxo, aquel home taciturno que, segundo contan, se tornaba outro cando estaba coa pequena. Facíalle carantoñas, contáballe contos, construíalle xoguetes, xogaba con ela ás escondedelas, viña cargado de agasallos dende a vila e ía, en fin, recolléndolle as pedras do camiño para que nada nin ninguén a magoase.

Contan que cando, pasados uns anos, Carolina acordou mandala a un internado ao que tiña dereito por ser orfa, o tío

Xenxo botou máis dun mes sen lle dirixir a palabra á irmá, alporizado e doído por non ter sido consultado en tal decisión.

Díxenche “un internado ao que tiña dereito por ser orfa”, mais o dereito éache ben cativo. Daquela, neste país, gobernaba un home que collera o poder pola forza, un dictador. Daquela á xustiza chamábanlle caridade e esta, a caridade, tiña ben pouco que ver con esa virtude evanxélica que é o amor. Halo entender cando che explique o que era a vida da túa avoa naquel colexio de monxas en Irún.

Chegara a nena, acompañada da nai e da mestra da aldea, despois dunha longa viaxe en tren, á cidade fronteiriza. Alí a deixaran, non sen bágoas por ambas partes, ao coidado dunhas mulleres estrañamente vestidas que non tiñan colo nin bicos e que rara vez sorrían. As ordes, os avisos, sempre xerais e despersonalizados, soamente se



concretaban e tiñan destinataria individual cando se convertían en reprimendas. Chegara falando unha lingua diferente que, durante moitos meses, a condenara á mudez.

Había dous pavillóns, o de pago e o das apestadas polo mal pecado da pobreza. Había dúas castes de alumnas, as nenas bonitas que un día serían señoras e as coitadas que un día as terían que servir con fidelidade e eficacia. Aquelas, ademais dos estudos regrados, aprendían a tocar o piano, facían teatro e acudían a un coro no que as súas voces brancas soaban como as dos mesmísimos anxos. Estas, as gratuítas, empregaban eses tempos axudando nos labores de limpeza e na cociña.

Tampouco as aulas eran as mesmas. As de pago cursaban bacharelato ou encamiñábanse a el. Para as gratuítas procurábase unha cultura xeral que lles permitise defenderse na vida.

Non había trato entre un e outro sector; por máis que coincidisen no patio nos períodos de lecer, estáballes prohibido falar.

Nin sequera a primeira comunión as igualaba. Os bancos da capela das nenas ricas estaban profusamente enfeitados aquel día grande, mentres os das outras permanecían austeramente espidos. E é que na capela, diante de Deus, tamén había clases. Así entendía aquela sociedade tan cristiá o mandado do Evanxeo, o da fraternidade universal. As monxas, á fin, aínda que apartadas do mundo, formaban parte del e debían cumprir as súas regras.

Cóntoche todas estas cousas sen resentemento, podes crelo, mais convén que as saibas para que entendas como se forxou o carácter da túa avoa, aquela nena da aldea que, cos anos, se converteu nunha activa sindicalista e loitou por acabar coa desigualdade que tanto a mancara.

Nos primeiros anos de internado Carme sufriu, sobre todo, polo afastamento da familia e pola liberdade, que na aldea era moita. Non percibía, sendo tan nena, as grandes diferencias. Botaba a faltar os agarimos do tío Xenxo e os bicos da nai. Pola noite tiña frío naquela longa ringuileira de camas e, encrequenada, abrazábase a si mesma e ás veces choraba en silencio. Algunha vez quixera consolarse e consolar a algunha nena, coma ela triste, pero deseguida aparecera a monxa de turno a falar de “amizades particulares” e outras cousas que a pequena non podía entender. Sabía, iso si, polo castigo imposto, que algo moi malo tiña que ser aquilo de procurar calor no leito doutra compañeira.

Co paso do tempo a túa avoa foi adquirindo consciencia do mundo en que estaba, e a tristeza deu paso á rebeldía e á carraxe. Contestáballes mal ás monxas, protagonizaba altercados coas alumnas privilexiadas,

exercía, segundo as profesoras, unha influencia nefasta sobre o grupo das gratuítas, era, en fin, dicían, pedra de escándalo e, como tal, había que a guindar lonxe. O conto é que a expulsaron.

Carolina, a nai, levou un grande disgusto, sobre todo pola carta na que era informada dos motivos da expulsión. Por ela soubo que tiña por filla unha persoa á que os atributos que mellor cadraban eran os de “díscola”, “malindolada”, “soberbia”, “da casca amarga” e moitos outros, usuais naquela época, mais que a muller non comprendía.

O tío Xenxo non dixo nada, pero sorriu cun aire de triunfo cando a viu entrar pola porta sabendo que xa nunca máis volvería ao internado.

Non che vou contar cómo a miña nai puido facer o bacharelato e prepararse en mecanografía e contabilidade. A

cousa é que, cando instaláron a fábrica e precisáron algún dos nosos terreos, a avoa soubo aproveitar a ocasión para colocala nas oficinas.

Tampouco che vou falar da fábrica que veu transformar o xeito de vida de todo o contorno. Os que conseguiron emprego deixaron só como actividade complementaria a labranza, mais a avoa e o tío Xenxo seguiron, coma sempre, apegados á terra, acrecentando a que outrora fora cativa herdanza.

Mamá coñeceu no traballo ao home co que había casar, meu pai, o teu avó Pedro, mestre industrial con posto de encargado. Foi un casamento rápido, eu coido que urxente, cando boto conta do pouco tempo que eu tardei en nacer.

Sempre se amosaron namorados e non lembro que discutisen, agás os días en que mamá andaba tan metida nas loitas do sindicato. Daquela si que o facían, e moito, sobre

todo cando se estaba negociando un convenio. Mamá botáballe en cara que el, no cadro de mandos por máis que fose no rango máis cativo, non se considerase clase obreira. Papá replicáballe que as clases e os niveis sempre terían que existir porque a preparación e o traballo non eran semellantes. Sempre concluía dicindo que coas folgas non se ía a ningures, que só traían perdas e desprestixio. A última palabra era a da miña nai. Apaixonada e xa sen facer uso de moitos argumentos, chamáballe desclasado e outras cousas, mais nunca chegaba o sangue ao río.

Tamén os escoitei discutir cando eu dixen que non ía facer máis carreira que a da música. Daquela, como xa che contei, a última palabra foi a da avoa Carolina.

Agora o teu avó Pedro xa está xubilado e mamá non ha tardar moito, mais segue igual, rexa e reivindicativa, loitando sempre polo que considera xusto.

Non esquezas, Xohana, Xohana que cada día es máis tanxible e estás máis cerca, que levas no sangue a rebeldía da túa avoa Carme, a que foi alumna gratuíta nun frío colexio de Irún. Seguro é que alí, desposuída dos seus e da fala propia, foi, pouco a pouco, elaborando a idea de cambiar o mundo. Porque esa é Carme, a muller que sempre anda na teima de cambiar o mundo.

Estás tan cerca, Xohana, que tremo de pensalo. Non é o parto o que me produce terror, es ti, a vida que traes contigo. A vida, ese dardo afiadísimo que sempre chega ao óso; esa pregunta para a que, quizais, eu non teña resposta.

O día en que me deron os resultados da amniocentese chorei moito. Dixéronme que viñas ben e que eras nena. Chorei porque, queréndote xa, aínda dubidaba se te debía deixar nacer. Preguntábame se tiña dereito a te traer ao mundo sen un pai que te agarimase. Non sabía se che gustaría ese mundo ao que habías chegar. Desconfiaba das miñas capacidades e das miñas forzas para oficiar de nai. Ía, en fin, do amor á culpa e da culpa ao amor, nun continuo *da capo*. E dígocho así, con este termo musical, porque unha cousa teño por certa, que ti has saber música.



Eu non rezo, mais nunca che hei dicir que Deus non existe, porque iso sería facer unha afirmación do que para min é unha dúbida. Pero aquel día, ao meu xeito, coido que recei. Fun polo violín, non o *Bausch* que uso habitualmente nos concertos, senón o que Pepa a Toupa herdara do Maricallo e que tanto me custou restaurar, e toquei para ti, para min, para as miñas incertezas, o “Ave María” de Gounod. E foi como se cada cousa buscase o seu lugar e todo tivese unha lóxica irrefutable á que eu non debía nin me podía substraer.

Pola miña memoria, polas miñas veas quizais, desfilaron Pepa a Toupa, preñada e cega, a tecer polos camiños o veo dun soño para cubrir a dor dunha violación. E Rosa Pérez, fráxil coma o vidro, abandonada polo seu amo e señor, a criar dous fillos nunha miserable casoupa. E Carolina, a avoa, viúva aos vinteseis anos, loitando contra a pobreza e sorrindo sempre, aínda que o corazón lle bagoase. E Carme, a miña nai, transcendendo os intereses persoais

para reclamar unha sorte mellor para este noso país e para a súa xente. Unha fermosísima cadea de vida da que tamén eu era un elo, un elo no que engarzabas ti e non había romper.

Foi nese momento cando decidín contarche todas estas cousas, deixarche estes nomes e estas vidas como talismáns para un futuro que, como todos os futuros, é incerto.

Falareiche dos talismáns, eses obxectos, quer físicos, quer inmateriais, aos que acudimos cando ficamos sós nalgunha noite. Quizais as que fomos fillas únicas sexamos máis proclives a empregalos. Isto é debido, se cadra, a que os adultos non están capacitados para pescudar nos medos que poboan a infancia, por máis que eles, dun ou doutro xeito, sigan a padecer os seus estigmas. O segredo mellor gardado dun neno ou dunha nena son os temores que os fan arrepiar. Mais, en tendo a alguén igual á beira, o máis

probable é que acaben falando. Cando non, están os talismáns.

Eu tiven, teño, moitos talismáns. Unha pedra de seixo que pesa máis de cinco quilos e que sempre me acompaña aos lugares nos que vou permanecer máis dun mes. Non é que eu acredite no poder benéfico ou daniño das pedras, é outra cousa. De tonalidades que van do malva ao violeta, é como unha flor de pétalos poliédricos, un pequeno gran milagre da natureza que me suxire de continuo a fermosura e a perfección que xorden no medio de tanto caos.

Aldebarán, unha estrela que nunca vin porque está no hemisferio austral, quizais só un nome sonoro, mais eu sei que detrás dese nome, a milleiros de anos luz, a estrela escintila.

Un hipocampo, un deses diminutos cabaliños de mar agora tan escasos, co que me agasallou hai ben anos o meu primeiro amor dun verán.

Unha partitura amarelecida de tres sonatas de Mozart para violín e piano que merquei nunha librería de vello en París o día en que coñecín a François.

O disco compacto en que Bobby Vinton canta *Selado cun bico*, unha canción que, dez anos antes de interpretala el, gravara Bryan Hyland no 1962. Foi a primeira peza que bailei con Lalo. Daqueña a canción xa tiña trinta anos, algúns máis ca min.

O violín de Pepa a Toupa. O retrato de Rosa Pérez. A derradeira carta do meu avó, borrosas as letras, corrida a tinta, torpe a caligrafía, dubidosa a lingua na que escribe porque non é a propia. A carta na que chama a Carolina porque lle tarda moito vela.

Un libro de poemas de caracteres cirílicos, con anotacións miñas por todas partes. O autor, ruso, é Leonid Mikolaievich Martinov. Entre as páxinas, unha ponliña seca da herba da Nosa Señora, a herba de namorar. Quedoulle aquí a Alexei ou, quizais, deixoumo adrede.

Ando a demorarme en cousas como esta dos talismáns porque me custa caro falarche de min. Quizais non debera facelo, talvez tiñas que ser ti a que escribises, andando os anos, este capítulo. Mais penso que se no entanto de medrares me pasa algo, ficará a túa cadea sen un elo, quedará manca a memoria que che quero deixar, Xohana, miña nena que vés cambiar a partitura dos meus días, que a vas converter nese *allegro* que non foi ata o de agora.

E é, se cadra, que, como alguén dixo, a tristeza cadaquén a merca ónde quere e cómo quere.

Intento dicir que posiblemente non souben xestionar a alegría, que non administrei con prudencia ese capital de momentos bos que nos entrega a vida. Ou é, tal vez, que me

dou con demasiada paixón ás cousas efémeras, as máis fermosas a miúdo, e querería que, contravindo a propia esencia, fosen eternas.

A cousa é que a túa nai tende á melancolía.

Xa che dixen que nacín moi pouco despois de casaren os teus avós. Xa che contei que sempre os vin moi namorados, así que non é difícil supoñer que son filla do amor e que, se acaso, o único que me podían botar en cara é que me adiantara algo, pero non o fixeron. Nunca deixei de me sentir querida, nin sequera cando facía cousas que eles non aprobaban. Xa sabes da estreita relación que vivín coa avoa Carolina, esa ausencia que aínda me doe.

Fun á escola, á agrupación escolar, e fixen o que daquela se chamaba Ensino Xeral Básico con boas cualificacións. Non é que estudiase moito, pero

aproveitábanme as explicacións que me daban nas aulas e despois lía, lía sen parar canto viñese ás miñas mans.

Por aquelas datas, un alcalde melómano promoveu a creación dun conservatorio elemental na vila. Esa foi a miña sorte. Destaquei, desde o comezo, tanto no solfexo como no violín, e compatibiliceinos sen dificultade co ensino obrigatorio. Rematados o bacharelato e o grao elemental de música, marchei a Compostela onde fixen estudos superiores. Despois fun a Madrid para cursar Harmonía e Composición. Máis tarde, isto xa o sabes porque cho contei ao falar da morte da avoa, estudiei en Alemania cunha bolsa. Tamén acrecentei os meus coñecementos en París, cun violinista de sona internacional. Son, non mo entendas como unha falta de humildade, unha das máis expertas intérpretes de Mozart, o que fai que teña que viaxar moito porque me convidan de diferentes orquestras para que as acompañe en concertos. Mais o meu posto de traballo está na Filharmónica, da que son titular hai

varios anos. Desde que marchou Alexei, o concertino, fálase de min para a súa substitución, de feito xa o estou facendo. Coido que, se non o son de dereito, é porque neste país aínda segue vixente ese papanatismo que nos leva a valorar máis o que vén de fóra. Estas cousas danme ganas de marchar a outra parte, pero o certo é que, como dicía unha canción de Atahualpa Yupanqui, *gústame o aire de aquí*. Quero vivir e traballar na miña terra, que abondo estivo desagrada polo abandono dos que tiñan que buscar vida noutrén. De calquera maneira, non te vou cansar máis co meu currículo, poderás seguilo nos programas e reseñas que che gardo.

Falaríache, iso si, se puidese, do que é para min a música. Alén da definición desta arte, presente en calquera dicionario ou manual, alén da denotación do termo, están esas connotacións construídas pola experiencia de cadaquén. ¿Como che podería eu explicar unha paixón, unha arela,



unha obsesión infinda? ¿Como as ás do vento que me leva,  
as unllas da rapina que me rapta, o tremor do éxtase que me  
sacode? Si, miña nena que cando leas isto xa serás muller,  
igualiño que o amor. Pero este, o da música, nunca me  
decepcionou. Tócame agora falarche do outro.

Se me custa, como xa che dixer, falar de min, esta dificultade medra agora que o vou facer das miñas relacións amorosas . Has ter que adiviñar a miúdo, ler entre liñas, interpretar os silencios. E é que, se algún lugar da nosa personalidade é esa cámara oculta na que non queremos que entre ninguén, é nos sentimentos máis íntimos, ¿sabes por que? Porque alí é onde todo doe máis, onde estamos en carne viva, como sen pel, esa coiraza que nos aílla, mais que tamén nos protexe.

Xa repararías en tres nomes que aparecen ligados a outros tantos talismáns meus. Deles che quero falar. Non é que non houbese máis, pero, como aquel rapaz da miña adolescencia, o que me agasallou co cabaliño de mar, foron

nubes de verán e, como tales, pasaron pola miña vida sen deixaren pegada.

Non quero que penses, baixo ningún concepto, que a túa nai é unha promiscua, non. Mais teño que che dicir, facendo honor á verdade, que, ata o de agora, sempre estiven aberta a novas relacións. Cando unha historia acababa, prometíame a min mesma non me volver implicar tanto. Algo así como conservar a coiraza, a pel, para que o amor non me mancasse. Seguir o consello do poeta que recomendaba cortar as rosas sen cravarse as espiñas. Pero nunca me foi posible: eis a natureza dese sentimento que, como a música, é un rapto.

Mais eu nunca vivín o amor sen medo. Vivín o amor con medo porque souben, dende sempre, que a perfección non dura porque é un camiño. Os camiños, Xohana, desgastan as solas dos zapatos e descubrimos, á fin, a

aspereza do terreo. O amor non dura porque é un voo e cansan as ás de tanto bater contra o vento do costume. O amor non dura porque é unha provocación, un facerlle a figa a morte e a morte, Xohana, non tolera irreverencias.

Non tería dereito a deixarche aquí, para ti que non o bebiches, os pousos do meu café. Se ouso falarche desta maneira é porque sei que, por moito que che eu conte, ti has facer o teu propio itinerario e has tirar as túas propias conclusións.

A François coñecino en París, nun bar preto da Sorbona. Eu estaba recién chegada e combinara para me atopar alí con Marcial Iturralde, un rapaz que coñecera en Madrid, profesor de guitarra clásica, que estaba a impartir un curso naquela universidade. Marcial íame axudar a buscar un estudio e, sen el pretendelo, axudoume a principiar a miña primeira relación estable. Presentoume a François, un seu amigo bretón

profesor de literatura medieval. De seguida conectamos e falamos, quizais demasiado para ser un primeiro encontro, e sen nos decatarmos de que estabamos deixando á marxe ao común amigo que nos presentara. Este non tardou en se despedir e, molesto ou despistado, marchou sen me dar os enderezos que me traía.

Foi François quen acabou buscándome vivenda e guiando as miñas visitas iniciáticas pola cidade tan soñada e sentida xa antes, dende a *Rayuela* de Cortázar, quizais. O día do encontro acompañárame a unha librería de vello, especializada en textos musicais, ónde merquei as sonatas de Mozart, ese outro meu talismán do que che falei.

Afórroche os detalles do noso namoro, que o houbo. Só che conto que, das semellanzas entre a Bretaña e Galicia, da lírica medieval na que el era especialista e coa que eu estaba familiarizada, dos itinerarios pola cidade, pasamos a falar

de nós, a perdernos nos bosques da nenezza, ese lugar no que sempre se acaban recoñecendo os que se queren.

Instaleime no estudio de François, vivín con el oito meses e, rematado o curso, tiven que regresar. Visiteino e visitoume durante outros dous anos, mais venceunos a distancia.

Preguntaraste, Xohana, se me deixaron algo aqueles días de París ou, para ser máis exacta, daquel tempo de François. Se che hei ser sincera, non o sei. Non o sei porque sempre dubido de se o amor ten memoria e, polo tanto, queda impreso nas páxinas deste noso corpo espiritualizado, deste noso espírito corporeizado, ou se máis ben o recordo é unha recreación, unha reelaboración do que foi ou do que non foi. Non sei se é que nos negamos a admitir que poida morrer o que soñamos único e marabilloso, ignorando que nada hai novo baixo das estrelas. Eu, miña nena, iso si que

cho podo asegurar, levo comigo esa teima da persistencia na  
lembranza. Eu nunca desquero.

Lembro unha película que moito me gustou, *Esplendor  
na herba*, que remataba cuns versos que che cito de  
memoria:

*Non importa que pasaran os días do esplendor na*

*herba,/*

*non temos que nos preocupar*

*porque a súa beleza*

*persiste no recordo.*

François era tenro e amable, apaixonado e forte. E  
París, como alguén dixo, era unha festa.

Foi en casa de Silvio onde coñecín a Lalo. Silvio, agardo que cando leas isto o teñas xa coñecido e saibas que é un magnífico pintor hiperrealista, facía unhas festas divertidísimas no súa casa de Oleiros ás que me invitaba e nas que sempre, sen excepción, o tiña que acompañar co meu violín mentres el interpretaba ao piano fragmentos de pezas de Kreisler, a súa maior filia musical. Despois do “concerto” acababamos bailando vellas cancións románticas ata altas horas da noite.

Imperaba naquela casa unha estética do corpo, tanto nos moitos cadros do dono e doutros autores e autoras, como nos modelos reais que por alí se movían. Silvio sempre tiña arredor unha corte de efebos que non deixaba lugar a moitas dúbidas sobre a súa opción sexual, mais



había tamén mulleres, estas sobre todo do mundo das artes. En todo caso, era un espacio no que se deixaba sentir unha grande liberdade que facía que todos nos sentísemos ben.

Soaba, na voz de Bobby Vinton, *Selado con un bico* cando Lalo se achegou a min e me pediu que bailase . Non podes saber ata que punto era fermoso. Tan fermoso que eu, que xa reparara nel antes e coidaba que era a última conquista de Silvio, non dixeran nada. Simplemente me deixei levar, muda e envisa. E cando el, rematada a peza, demorou os seus labios nos meus, foi como se selase a miña boca para sempre porque, xúrocho, así foi a nosa relación, unha pura e única linguaxe do corpo.

Cústame dicirche estas cousas porque, se cadra, xulgas de min que son unha libidinosa ou unha frívola e nada é máis falso.

Existen máis linguaxes que a verbal e, dende logo, entre nós o diálogo foi perfecto. Tan perfecto que, ás veces, penso que a Lalo o inventei eu.

Lalo foise tal como chegara, sen falar. Logo souben que marchara como profesor a unha escola para formar deportistas de elite, pero eu endexamais o volvín ver. Mandábame lembranzas, iso si, por cantos coñecidos comúns atopaba.

Despois destas cousas adoitaba chegar o inverno e o ceo desplomábase sobre min, pero nunca choveu que non escampara. Unha mañá calquera o sol volvía a brillar. Mentres, sempre me quedaba a música.

Deixara Cesare Fiorino a Filharmónica para marchar a Londres e viñera substituílo, cun contrato por dúas temporadas, Alexei Mijailovich.

Por aqueles días estabamos a ensaiar o *Preludio á sesta dun fauno* de Claude Debussy. Xa sabes a historia: un fauno canso de perseguir ninfas que, nunha cálida praia siciliana, senta á sombra dunha árbore. É o solpor. A sesta apracible,

primeiro, turbada despois. Entre as frautas, os oboes, as trompas, as harpas, os címbalos, os pratos antigos, os violonchelos e os contrabaixos e, entre os violíns, o violín de Alexei e o meu violín. Ao remate, unha doce melodía de frauta como o último brillo do sol que se oculta tralos outeiros. Así nos coñecemos.

Estes últimos meses, xustamente os que levo agardándote e falando contigo, son ese *solo* da frauta, esa melodía final na que deveu todo.

El era un fauno triste, mais non perseguía ninfas. Tentaba, simplemente, esquecer para sobrevivir. Ou, dito con outras palabras, pretendía manter en estado latente, en estado de hibernación, o mundo que ficara no seu país. Mais eu era a area de Sicilia e os seus xelos de Siberia derreteron e fixeron abanqueiros e agora ves ti que es coma un río, mais iso el non o sabe.

Nunca me enganou, díxome desde o comezo que deixara muller e fillos en Moscova. Tampouco eu me fixen falsas ilusións nin pretendín retelo un día máis cando, rematado o contrato, fixo as maletas para marchar. Daquela eu xa confirmara o meu estado e agardaba a data de facer a amniocentese, porque así mo recomendara o médico, atendendo aos meus trinta e seis anos, pero eu nada lle contei a Aliocha.

Chamáballle así, Aliocha. Tardara aínda ben tempo en me dar o seu diminutivo e, cando o fixo, coído que mesmo se arrepentiu, como se fose unha traizón a todo o que deixaba atrás. Eu vía o seu sobresalto cada vez que me escoitaba chamalo desa maneira. Algunha vez pensei en non volver dicir aquel nome familiar, mais coidei que era máis leal pola miña parte non contribuír ao engano. Se cadra isto

non o entendes e pensas que son parva. Se cadra pareceche que o debera reter comigo, pero esa non é a túa nai. Non son masoquista e eu quería, mais non daquela maneira. Aliocha, xa cho dixen, tiña un mundo noutrén que non podía desbotar sen deixar de ser el mesmo.

Agora, preguntaraste que cómo estiven con el sabendo que non era libre e iso é o que che quería explicar.

Antes de intercambiarmos máis dunha ducia de palabras xa se encontraran os nosos violíns, non só no poema orquestral que estabamos a ensaiar, senón nesas improvisacións que facemos os músicos e as músicas para temperar os instrumentos. Xa eu lle respondera co *Axéitame a polainiña* a un seu *Kalinka*, xa se tocaran as nosas raíces.

Un día agardoume á saída e fomos tomar algo xuntos. Falamos pouco, mais o suficiente para que eu entendese que non sabía qué facer co tempo libre nunha cidade na que non

coñecía ninguén. Era un venres e comprometinme a recollelo o domingo para lle amosar a Costa da Morte.

Na viaxe tamén falou pouco. Ía como ausente, diríase que mirando sen ver, cantaruxando cousas que eu non entendía pero que me resultaba moi agradable oír. Nunha das paradas que fixemos reparou na herba da Nosa Señora e cortou unha póliña. Eu conteille que aquí lle chamabamos “herba de namorar” e que había a crenza de que, se alguén lla metía no peto a unha persoa sen que se decatase, esa persoa ficaría namorada de quen tal fixera. El bromeou amagando deixar a póla no meu peto e foi a primeira vez que o vin rir a cachón. Despois contoume que tiña muller e fillos e que os botaba moito a faltar e volveu a sumirse no seu silencio.

Dende aquela saímos moitas veces e moitas máis veu pola miña casa. E..., ¿como cho hei dicir? Sucedeu.

Estivérame a ler naquel libro que quero que un día teñas ti, o de Leonid Nicolaievich Martinov, que ten anotadas nas marxes a traducción dalgúns poemas. Lembro este daquel día:

*HAI*

*Algo novo no mundo.*

*A xente quere cancións.*

*A xente reflexiona sobre o laúde e a lira.*

*Un mundo sen cancións non ten interese.*

*(...)*

*E vou eu*

*por este mundo.*

*E quero encontrar esta lira*

*ou – como queiran chamala-*

*o instrumento para o tacto*

*dos meus dedos, trementes de inspiración.*

Mentres lía aquelas palabras, sostendo o poemario cunha man, acariñábame coa outra. A traducción, esa é a verdade, anoteina despois.

Do teu pai, pouco máis teño que che dicir que xa non saibas. Alén de ser pouco falador, estou segura de que lle daba perguiza facer o esforzo de falar a nosa lingua. Sabía que, para comunicármonos, abondaba a música. Gárdoche algunhas fotografías nas que poderás comprobar se te semellas ou non a el. A min gustaríame que si porque é ben parecido cómo has ver. ¡Repara en que che é ben eslavo!

Nunca me pidas, miña nena, que che volva falar de Alexei porque eu, como Pepa a Toupa, tamén tecín o meu soño para sobrevivir. Ti vés das vellas cancións eslavas e das cantigas nosas que, un día, se atoparon dende dous violíns, un *Lemann* chegado de Rusia e un *Bausch* que eu



merquei en Alemania cos cartos dos eucaliptos da avoa Carolina. Ou vés, se cadra, da sesta dun fauno.

Mais anota, por se chegares a ver un día aquela vella película interpretada por Sofia Loren e Marcelo Mastroiani, que hoxe renego do final que tanto me gustara no filme “Os xirasois”.

Debo confesarche que non me gusta moito o mundo ao que vas chegar. Tamén por iso dubidei da oportunidade do teu nacemento. Hai máis de cen anos que un escritor noso imaxinou un Deus velliño, asomando entre as nubes para contemplar a Terra, que dicía: *Se este é o mundo que eu fixen, que o demo me leve*. Dende aquela, as cousas non foron a mellor.

Verdade é que avanzou moito a ciencia. Chegaron á Lúa, tocaron Marte, escudriñaron as galaxias, mais non somos quen de ver o que temos preto de nós ou, se o vemos, é como o potencial inimigo para o que hai que ter na recámara sempre unha bala máis forte. Quéroche dicir que, os Amos do Mundo, no canto de se saberen tripulantes desta grande nave espacial que é a Terra, cun destino común polo tanto, reparten morte aquí mentres aspiran á conquista do universo.

Verdade é que producimos máis alimentos, pero a fame no mundo vai a máis. Non se produce para repartir, senón para especular. Fórzanse os ritmos e, contrariando as leis da natureza, envelénase a cadea alimenticia nunha tola carreira cara algún abismo do que descoñecemos o final.

Cúranse as doenzas, mais séguese a desprezar a vida humana e, a pena de morte, de feito ou de dereito, continúa vixente en todo o mundo. Non deixa de ser curioso que o país máis rico e potente, o que coida que é o máis democrata, axustice a subnormais e a persoas que cometeron os seus crimes sendo menores de idade.

Hai un Sur de pobreza que non pode acceder ao Norte da abundancia porque, en contra das palabras da nosa máis grande escritora, *toda a terra non é dos homes*.

Chegan, malpocados, salferidos de mar e angustia, homes e nenos, mulleres embarazadas, os desherdados do planeta, pero hai un muro.

E non vou seguir con este catálogo de calamidades porque, quizais, non terminaría nunca. Aínda hai quen confía no poder salvador do que chaman globalización, pero non é outra cousa que máis liberdade para os que negocian e explotan e menos futuro para os pobres.

Perdoa, miña nena, que te reciba nun mundo tan inhóspito. Perdoa este milagre que é a vida a routonar no medio de tanta podredume.

Hai un autor, Italo Calvino, do que eu gusto moito, que quixera que leses. El, no seu libro *As cidades invisibles*, faille dicir a Marco Polo:

*O inferno dos vivos non é algo por vir; se hai un, é o que xa está aquí, o inferno que habitamos todos os días, que formamos estando xuntos. Haiche dous xeitos para non sufrilo. O primeiro resulta doado a moitos: aceptar o inferno e volveuse parte del ata o punto de non velo xa. O segundo é audaz e esixe atención e aprendizaxe de*

*continuo: buscar e saber quen e que cousa, no medio do inferno, non é inferno, e facelo durar, e facerlle sitio.*

Eu intento seguir o consello de Marco Polo, aínda que, como xa che dixen, a miúdo non consigo administrar a alegría. É como se vertese toda a partitura nunha nota e despois me quedase o pentagrama baleiro. Sei moi ben que nunca quixen formar parte do inferno integrándome nel e que, xustamente por iso, o vexo. Sei tamén que, aínda a eses espacios que non son inferno, levamos a memoria. E, dende logo, non quixera estar na miña torre de marfín, allea ao mundo que sofre. Son unha muller solitaria, mais non quero estar isolada.

Non entendas, meu ben que vés de camiño, que pretendo dirixir a túa vida. Non. Eu, como dixo un poeta, *libre te quero, pero non miña*. Desgraciadamente haberá outros que si te pretenderán suplir á hora de pensar. Nunca

lles verás o rostro, máis están aí, múltipodos e tentaculares. Refírome aos medios de comunicación, refírome a ese Gran Irmán que profetizara Orwell. Non enganan, repara nalgún dos seus lemas: *Deixe que nós pensemos por vostede*. Non precisan facelo, porque xa antes conseguiron canonizar o pensamento único e convencer de que a diferenza é cousa do diaño.

Libre te quero, miña nena, dende a liberdade que dá o coñecemento e a dúbida. Libre despois de percorreres, de te facer dona, dos pensamentos que nos deixaron escritos milleiros de mulleres e homes que non pasaron pola vida en balde. Teño que dicirte que me gustaría que foses unha boa lectora. Repara en que eu, a miúdo, apoio os meus pensamentos no que idearon outros e, daquela, xa son menos cativos.

Lembra, se queres, que un deses lugares que convén preservar, que non é inferno, é a literatura.

Porque tamén che quero falar das cousas boas que has atopar cando chegues.

Xa che dixen dos libros e da música, xa che contei que tes avós, Carme e Pedro, que te han recibir ben.

Aínda non saben nada, mais terei que llelo dicir sen tardar porque agora xa se me nota. Pensan que estou de viaxe e que por iso tardo en ir pola casa. Chámoos desde o móbil porque, con estes teléfonos que hai agora, poden ver o número e decatarse de que non vou en ningures.

Eles desexaban ter netos, mais o meu pai quería que casara. Ultimamente non me falaban moito do asunto, de certo que vían que perdían o tempo. Agora non sei cómo o tomará papá, mamá ben, estou convencida. Ela mesma me confesou que non lle tería importado vivir con papá sen casar antes, pero que foran el e a avoa os que porfiaran e

que, ademais, eran outros tempos. Estas cousas dicíamnos ao saber que eu vivía en parella.

Papá ten un cabalo moi bo. Eu, cando vou á casa, monto nel e dou un paseo pola Fraga do Crego. Ti non sabes o fermoso que é o lugar onde me eu criei. Tamén ti montarás a cabalo e percorreras as terras que xuntou para nós a avoa Carolina. Agora xa non están a eucaliptos os montes da casa. Custou moito que viñesen ao seu, porque ían deturpados por estas árbores, pero á fin van medrando neles as especies autóctonas que as substituíron. As terras de labor cedémosllas a unha cooperativa que está a cultivar liño, mais seguen sendo nosas. Has ver que fermoso é o liño cando florea. Se sae mesto, coas súas flores diminutas e azuis, é como se chegase o mar cabo da casa.

Tamén te agarda o mar. Ti has coñecelo máis cedo ca min, que xa era grandíña cando o vin por primeira vez. Por iso lembro o fascinio con que contemplaba as ondas e os salseiros nos farallóns. Foi no mesmo lugar en que, algúns



anos despois, aquel rapaciño me agasallou cun hipocampo.  
E é que o amor case sempre se inicia nunha praia.

Do amor, que tamén un día chegará para ti, xa che dixen abondo. Teño que che confesar que sempre paga a pena. Hai persoas afortunadas que encontran un para toda a vida e outras, coma min, e con iso non quero dicir que non teña sorte, que temos outro fado. Eu desexo que atopas un amor para sempre, mais o único que me doería é que nunca amases.

Unha das maiores riquezas que gardo para ti son os amigos e as amigas. Tamén eles te han estimar porque es cousa miña e con iso xa lles abonda.

Hai tres meses que llo contei todo a Laura e atopei nela, como sempre, todo o agarimo que precisaba. Díxome que a decisión debía tomala eu e que, se chegabas, tamén te tiña que compartir con ela.

Laura imparte clases de literatura na universidade e escribe novelas e contos infantís. Non sabes a sorte que vas

ter porque, ademais das historias que che contará Carme, as que veñen de Pepa a Toupa e outras novas, Laura hate adormecer a miúdo con algún conto que nunca escribiu e que irá inventando e alongando ata que non poidas co sono. Se cadra, ao día seguinte, quereiras saber o final, pero ela xa non lembrará nada.

Tamén a min me adormeceu moitas veces dese xeito porque, a miúdo, precisamos volver á infancia e que alguén colla as rédeas do noso sono.

Un día, despois de marchar Lalo, contoume a historia dunha muller que se miraba no espello e non se vía, afeita como estaba a mirarse só nos ollos dos homes. Os homes marcharan todos, sempre é así, ás súas batallas, e a muller ficara na casa, agardando e esmorecendo como unha verza ao sol (pareceráche que aquí debía poñer o nome dunha flor, pero non, a Laura gústalle romper a tensión con humoradas dese tipo, porque é moi graciosa). Mais un día pasou por alí

unha amazona e convidouna a subir no seu cabalo para iren xuntas percorrer mundo.

Comezou a contarme as aventuras que viviran aquelas mulleres e, no medio dunha, adormecín. Á mañá seguinte, como sempre, cando lle pedín que me contase o final, xa non lembraba nada. Recordo que aquel mesmo día saímos de viaxe. Á volta xa tiña eu un remate para o conto: A muller que non se vía no espello esqueceu que tal lle pasaba, entretida polo camiño e as aventuras. Un día que pararon á beira dun río para darlle de beber ao cabalo, mentres asubiaba marcándolle o ritmo da inxestión ao animal, descubriu o propio rostro no espello da auga. Era un rostro novo, intelixente e ledó, ben distinto daquel inxenuo e case aparvado que lle devolvían os espellos dos homes.

Moralexá, como diría nos vellos libros: nunca dependas da ollada de ninguén para seres feliz.

Mais eu estaba a che escribir as cousas que te agardan, os lugares que non son inferno e que, como tales, quero preservar para ti.

Alén de amigos meus como Laura, Silvio e moitas e moitos outros que che presentarei cando chegues, porque agora sería alongar demasiado este capítulo, gozarás dos que escollas ti se tes a sorte de que tamén eles te escollan. Debes saber, iso si, que a amizade hai que coidala e que é como unha criatura que, canto máis forte sexa, con máis agarimo é preciso que a tratemos.

E tamén te agarda este noso país onde quero soñar que pasarás a vida aínda que, coma min, viaxes moito.

Díxenche que sempre quixen vivir e traballar na miña terra, mais non deixa de ser curioso que eu, que tanto mundo andei, aínda estea a descubrir o meu país.

Case podo dicir que din a volta ao mundo pero, ata hai un ano, nunca fixera o propio coa muralla de Lugo. Si que a tiña visto, mais non subira ao seu adarve.

Visitei as ruínas de Petra, camiñei pola vella Atenas, podería ser unha guía aceptable en Berlín ou en París, mais non me eran familiares aínda Santa Eulalia de Bóveda, Santa Mariña de Augas Santas ou a Frouxeira, por poñerche só algúns exemplos.

Estivera nos castelos do Loira antes de coñecer ningún de aquí, o de San Felipe ou a torre de Xiá, poño por caso. Andara polos mosteiros de media Europa antes que por

Oseira, Caaveiro, a Armenteira ou moitos outros que son verdadeiras xoias.

O mesmo me aconteceu coa nosa historia e coa nosa literatura. Non sabía, por exemplo, porque ninguén mo dixera, que tivemos uns reis propios e que están soterrados na catedral de Santiago, na que chaman Capela das Reliquias.

Coñecía a Rosalía - ¿quen non por aquí?- mais chegárame co rostro desfigurado, presentada como unha muller de sensibilidade enfermiza, que padecía unha estraña síndrome que lle facía temer sempre o peor. Despois descubrín e sigo a descubrila como a xenial e irrepitible escritora que é, esa poliédrica e fulgurante pedra preciosa que sempre amosa novas caras. Mais eu xa lera antes a Virginia Woolf e a outras moitas escritoras do ancho mundo.

O mesmo me aconteceu con Castelao e co seu *Sempre en Galiza* que, cando eu estaba en idade de lelo, xa non era un libro prohibido.

Eu non quero que a ti che pasen estas cousas. Eu tentarei que coñezas ben a túa terra porque só desprezan os que ignoran e porque ninguén pode amar o que descoñece.

O meu foi un caso raro porque, xa cho dixen máis dunha vez, sempre estimei vivir e traballar aquí e, dende logo, quixen dende sempre o que aínda non coñecía. Debe ser o sangue de Pepa a Toupa, que tivo que andar o país sen velo nunca e que agora sae nun berro cara á luz, a reclamar unha vella débeda. Quizais sexa Rosa, a que tivo que vivir unha submisión, que non un amor, porque era pobre, a que me pide que fique aquí, mais non submisa. Talvez sexa Carolina, a loitadora, a que reclama que non faga como tantas e tantos compatriotas nosos, que prefiren triunfar fóra porque coidan que así son máis valorados. Ou Carme, que viu como desprezaban o seu xeito de falar.

Aquí chegarás xa moi pronto, Xohana, e eu téñoche estas respostas para as preguntas que un día me poidas facer verbo da túa xente, da túa terra, do amor e do mundo.

Falei cos avós. Mamá decatouse, con só mirarme, do que lle ía contar. Papá rompeu a chorar cando escoitou o que lle comunicaba e estivo un bo cacho calado. Souben, polas cousas que dixo despois, que estaba feliz de que viñeses.

Sabes de quen vés e a onde vés, pero non me preguntes qué é a vida porque iso non o sei. Unha xornalista italiana respondeulle á súa afillada, despois de lle contar as cousas terribles das que fora cronista: *A vida é unha cousa que hai que encher ben, aínda que ao enchela rompa*. E cando a rapaza dixo: *¿E despois?*, a madriña respondeu: *Nada e así sexa*.

Quizais vivir é encherse de memoria. Por iso, Xohana, aquí cha deixo. E o violín de Pepa a Toupa. Por certo, un



Stradivarius co certificado de autenticidade que me expediu  
a casa Hills de Londres por unha cantidade case semellante  
ao seu prezo.